



# AUTONOMIA

## Vieiro cara a galeguidade

# A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

### NOTA POLITICA

## INACCION E VIOLENCIA

Os derradeiros acontecementos non poden pasar en silencio. Dentro e fora da nosa Terra, cobraron un volume tal que se fai ineludible o comentario.

Un e outro día, a pistola mercenaria e homicida vai deixando nas rúas regueiro de sangue e constancia do actuar tanto das xentes empñadas nista reprobable caza do home como dos resortes da máquina gubernamental.

Atentados ao Sr. Jiménez Asúa, a Ortega y Gasset, e Largo Caballero; asesinatos de Maxistrados, e Xueces e Oficiais dos grupos armados; agresións a cotío contra obreiros e xentes diversas. Agora, a morte alevosa e resoante de dous homes máis: o Teniente Castillo e Calvo Sotelo. ¡Toda unha ringleira de feitos, coas súas represalias correspondentes, que son expoñente e sintoma d-unha situación e dun estado anormal do espírito colectivo ao que compre poñer remedio axiñal

Non é preciso que nós gastemos verbas en condenar a violencia e o atentado persoal, por moitas que poidan ser as diferencias que das vítimas nos separen. Por doutrina, por humanidade, por espírito, temos que reprobala. Máis o que, sobor de todo, importa destacar é o sintoma.

As crases chamadas conservadoras e de orde viron con pasividade, cando non con disimulada le-

dicia o atentado, frustrado ou non, contra xentes do bando oposto. Non souperon ou non quixeron ver que podía traer dorosas consecuencias pra todos. ¿Saberán agora deducir a lección de cordura e responsabilidade que o país precisa? Confiemos en que sí.

E confiemos tamén en que o Goberno seipa, d-unha vegada, proceder con toda autoridade i-enerxia. Non pode ser que un e outro día se cometan impunemente atentados. Non pode ser que a opinión vexa como os resortes da máquina gubernamental actúan con preguiza, lenidade ou ineptia. Faise preciso que o Goberno eisixa rendimento i-eficacia a todos e lealtade co réxime a todos tamén. Somentes así poderá ter a autoridade necesaria pra reazar a gran obra que a opinión republicana demanda e impoñer a todos normas de xusticia e convivencia.

Máis que ninguén intente n-iste intre cargar ao Réxime nin aos homes que o defenden as consecuencias, lamentables é lamentadas por todos, dos propios erros. Que ninguén queira xustificar n-elas unha ofensiva contra da República. Porque sendo os primeiros en condenar os alevosos atentados que motivan istas liñas, seríamos tamén dos que figurasen na vangarda do noso Pobo en defensa do Réxime que posibilitou as arelas galegas.

## Estetóscopo

O señor H. que escribe en «El Sol» «Feria de Ingenios», pretendeu facer humorismo a conta de Galicia, do Plebiscito autonómico e dos galegos. Tampouco, nós coma il, teimamos molestar a ninguén. Pero desexamos declarar ao señor H. que Galicia, o Plebiscito e os galegos son unha cousa e a súa Feira de Inxénios e o seu humorismo son outra. Que as opinións dos que falan dun dez por cen de votantes no referéndum estatutista son opinións de maragatos, e xudeus de segunda man, cuto oficio frente ao pobo é o de inritar as antipatías e as xenreiras como garantía dos seus privilexios colonizadores. Que pra discutir encol de temas electorales no noso país, non facia falla baraxar o nome de Romero Robledo, xa que até en materia caciquil, o noso pobo amosa o feito diferencial cunha indiscutible superioridade mental dos nosos caciques sobor dos demais caciques hispánicos.

Gran fortuna sentirse defensores do trunfo autonómico nas furnas n-unha terra onde os seus detractores feden a extranxeiro e a esbirro. Aura de ledicia o que se nos motexe de técnicos do puchertazo nista magna tarefa da liberdade galega, por quenens consagraron a aqueles mellores días das súas carreiras políticas, contra da República e contra Galicia. Máis o señor H. a pesar de todo, non está no fondo do asunto. A razón de que o Plebiscito galego—que «Romero Robledo houbera orgaizado con máis ponderado matiz»—resultase así, débese a unha razón única. Os republicanos, os demócratas e os autonomistas que teimaban facer unha nova Galicia vironse empulados e adormecidos pol-os caciques na súa absorvencia. E os vellos régulos, namentras que os outros durmían, fixéronse co gobernalles. Os caciques empapados de ambicións, suplantáronnos, e fixeron a votación por si soos. O Plebiscito trunfou. E cando o fondo natal dos durmientes, despertou pol-a voz de ledicia da Terra, xa estaba o traballo feito.

SOLOVIO.



### DESPÓS DO PLEBISCITO

## Verbas de Teixeira de Pascoaes

O gran poeta portugués Teixeira de Pascoaes acaba de pronunciar unhas garimosas verbas encol de Galicia que despóis de agradecerlle ao insiñe vate reproducimos a seguido:

«Galicia é un pobo irmán do portugués ao que eu amo verdadeiramente. Posee todol-os valores necesarios para constituír unha rexión autónoma. O trunfo do Estatuto é o trunfo das súas enormes posibilidades. Porque Galicia é unha verdadeira nacionalidade; é un pobo de almas en victoria permanente. Eu saúdo na persoa do seu intérprete xenial Alfonso R. Castelao».

Galicia, por diñidade e por coñecimento, debe tér unha política propia, debe tér partidos seus, non suxetos a ningunha xefatura allea ao país, a ningunha discipriña que os cohiba na defensa dos intereses espirituales e materiais da Terra.

### MEDITACION NA NOSA HISTORIA

## Para as mocedades galeguistas

Göttingen. Xulio. Repicaban a gloria as campás de Heidelberg, a célebre vila universitaria festexendo as súas bodas áureas con Minerva, cando no mundo da Patria ausente outras non menos efusivas campás cantaba arrebatadamente o día da Resurrección.

Brindando en íntimo e sentido testimoño de galeguidade as doce horas do solpor do 28 de Xunio a aqueles patriotas da pasada centuria que deron «gracia» ao xuvenil movemento galeguista e déronlle sobor todo un punxente e desesperado amor chegaron non pol-a vía do pensamento sinon pol-a do sentimento aquelas verbas de Almeida Garret cando Portugal se desencadeaba da caduca monarquía: «A Patria é Patria já; nós somos homens». Fai d-esto máis d-un carto de século.

E sin saber por qué—profundas veleidades do ensono—relacionábase as xuntas intelectuales do «Cenáculo de Lisboa», alumeado pol-a poesía, en visporas da resurrección de Portugal, con aquelas, aínda presentes, tertulias literarias e políticas da Cruña, de Santiago, de Pontevedra onde grupos de soñadores concertaban sonámbulos a realidade que hoxe aprausamos.

¡Como nos parecía nobre, pero infecundo, este xénero de loita, romántico nas persoas e nos símbolos! Aquela desordeada—pol-a emoción—pero xugosa pruma de Vilar Ponte; aquela ardente oratoria impulsiva de Suárez Picallo; aquelas sentimentaes alusións de Castelao á historia; aquel xeito entusiasta de abordar os problemas económicos de Alexandro Bóveda; aquel poetizar racial de Cabanillas; ou os acesos discursos de Lurgis Freire e as pregarias patrióticas das Irmandades da Pala, con tanto mitin da mocidade galeguista por unha beira.

Pol-a outra, a virtuosa laboura cultural do Seminario de Estudos Galegos co impulso intelectual da revista «Nós» e da obra editorial de Casal, o renacemento d'unha poesía xuvenil, graciosa e lírica o desenrolo da Universidade e algunhas campañas da

prensa viñan a confruir n-unha obra que preluíu este actual momento subríme da Patria.

Deica fai un par de anos, seguindo xa de antes o roteiro de unhas e outras voces e o «ouxeto» de aquel total entusiasmo, parecíanos infantil o «método» de reavivar a conciencia nacional nos galegos e de poñer novamente en marcha, sin auxilio bastardo, a nosa Historia. E vede aquí a lección que suministra ao que todo o mide pol-a vía racional, pol-o senso lóxico, este solemne instante de Galicia.

Houbo hai é haberá unha virtude, o heroísmo, e unha categoría humán, a pasión, que chegan moito máis aló que a pruma e que a espada máis aguda. Heroísmo e pasión o das nosas hostes románticas que no café ou no mitin ou adprendendo os nomes da Terra amada, cavando as súas entranas, cabalgando n-esa Xeografía campesina e mariñeira, entusiasmban, é decir endiosaban, aos seus discípulos

Aquí onde se deprende a «xenealoxía» de tantos vocabulos, que vós, mozos galeguistas, grabáchedes e adprendichedes de un xeito máis humán, agora discurre a vosa amabel historia. A vosa amabel historia qué é un manantial, un río menor, da sacrosanta Historia de Galicia. Ouzo decir, n-este primeiro xornal que me trae a noticia, que a nosa Patria vai dispoñer ao fin dos seus destiños e paréceme un miragre; tan súpeto é o parto, anque previsto.

Miragre de fã, de heroísmo e de austeridade. Miragre de aqueles rios de bágoas que veñen sulcando os campos das nosas letras dende a Edade Meia. Pero ¿non é toda a nosa Historia un gran miragre? ¿Como resistiu o noso país o azote das invasións, cómo sobreviviu a tantos sacrificios, cómo non se afogou nos seus torrentes de melanconía, cómo pode agora cantar coa voz de Primadeira, alegría de ser páxina inicial do novo despertar da raza celta, según o ideal programa de Ernesto Renán?

XESÚS NIETO PENA.

Alemania, Xulio do 1936.

A Galicia autónoma pode ser un remanso de paz n-esta hora de desenfreanda tolería.

## O Estatuto galego foi entregado ao Parlamento

O miércoles derradeiro foi feita a entrega ao Presidente das Cortes, do Estatuto galego aprobado pol-os Concellos en Nadal do ano 32 e plebiscitado o 28 de Xunio derradeiro. E este o terceiro trámite constitucional a cumprir. O Parlamento agora terá de sometelo a estudo da comisión que dictaminará pasando logo a discusión na Cámara até a súa aprobación definitiva e posta en vigor.

Fixeron a entrega do Estatuto a maior parte dos componentes do Comité Central entre os que figuraron o Presidente da Diputación cruñesa señor López Bouza; o de Lugo, señor Noya. Os de Pontevedra e Ourense imposibilitados de asistir delegaron.

Os Alcaldes das capitales e os de Santiago, Vigo, Ferrol e Viveiro.

O Segretario Xeral do Comité señor Raxoy e o señor Cuadrado.

O Segretario Xeral do noso Partido, irmán Gómez Román e un gran número de deputados entre os cales figuraban Castelao, Viana, Villaverde, Peñamaría, Fernandez de la Vega, Beade, Poza e Pampín.

A Comisión sumáronse tamén gran número de galegos residentes en Madrid e representantes de diversas entidades.

Debido aos sucesos recentes o acto de entrega foi sinxelo desistíndose de lle dar os caracteres de manifestación que en principio se tiña pensado.

Compre agardar que o Parlamento cumpre rápidamente a súa misión para que no prazo máis breve posíbel poidamos ter imprantado xa o noso Estatuto e comenar a construción da nova Galicia na que todos temos postas as maiores ilusión e confianza.



ACTUACION DOS DIPUTADOS GALEGUISTAS

# Suárez Picallo fala no Parlamento de varios probremas galegos

El Sr. SUAREZ PICALLO: Tres ruegos breves, telegráficos, voy a formular al Sr. Ministro de Industria y Comercio que se halla en el banco azul, pidiéndole perdón por no haberse anunciado, ya que responden a requerimientos hechos hoy mismo por organizaciones agrarias de la provincia que tengo el honor de representar, cuya situación es angustiosísima.

### O problema do mainzo

Primer ruego. En Galicia, señores diputados y señor Ministro de Industria y Comercio, está vendiéndose el maíz a 50 reales los 23 kilos. El precio de este cereal con relación a la capacidad económica del campesino gallego que debe comprarlo, es fabuloso; no se trata, con ser ello muy importante, del maíz necesario para alimentar nuestra única industria para el cambio la ganadería; se trata de algo más fundamental; ese maíz se compra para comer pan, y su precio resulta exorbitante pudiendo, como se puede, tener a precio muy inferior. En Boiro, en Cedeira, en Ordenes, en Betanzos y en los mercados donde se utiliza este cereal, en la comarca de Ortigueira, donde es absolutamente necesario, por haber abandonado en gran parte su cultivo los campesinos para dedicar la tierra a producción más lucrativa, se plantea una situación de angustiosa necesidad. Pido, pues, al señor ministro de Industria y Comercio que lo antes posible examine este problema y distribuya debidamente el cupo que ha de entrar de maíz para el consumo, teniendo en cuenta al distribuirlo la conveniencia de que en lo posible no caiga en manos de comerciantes poco escrupulosos que a costa del hambre y de la necesidad del consumidor gallego realicen negocios de tipo de aquel tan ruinoso y tan depresivo para el crédito público español llamado del «arroz y del maíz». En Galicia hay organizaciones agrarias solventes, organizaciones cooperativas campesinas, organizaciones de diversa índole que pueden hacerse cargo del cupo que corresponda a aquella región, cupo que debe ser importante a fin de impedir que a costa de esta necesidad se haga un negocio de tipo particular. También pido que se aumente en lo posible la cantidad que se destine a Galicia.

Es lo único de momento que tengo que decir al señor Ministro con referencia a este problema.

### O problema do gando

Y conexo con él otro ruego. Estos mismos campesinos gallegos, que tienen que comprar el maíz para fabricar su pan, porque Galicia, desgraciadamente, aún come pan de maíz, como los países más depauperados, han de vender su ganado tirado. La ganadería gallega ha bajado de dos meses a esta parte en cerca de un 30 por 100 y aún así, nuestros campesinos van a las ferias y no pueden vender sus terneras en una época del año en que les es indispensable hacerlo, por ser lo único de que disponen para atender a una porción de necesidades sentidas en sus hogares. ¿Podría el señor Ministro de Industria y Comercio informarnos, para dar satisfacción a los campesinos de Galicia, de qué cantidad de carne extranjera, que por virtud del nefasto Tratado de Comercio con el Uruguay, ha entrado y va a entrar en nuestro país? Con esas cifras a la vista podríamos saber si esta depresión bárbara de nuestra ganadería depende de las carnes congeladas que entran en España o si se deben a otras causas. ¿Podría también el señor ministro informarnos, en su oportunidad, a qué clase de consumo

se destina esa carne congelada extranjera, puesto que sospechamos que no se destina tan solo a la chacinería, sino también al consumo en fresco en algunos mercados? Así veríamos si es posible impedir esta caída vertiginosa de un producto del que viven dos millones de campesinos de Galicia. Es cuanto tengo que decir al señor ministro, con toda brevedad, con referencia a este asunto, esperando con verdadero interés su respuesta.

### O problema das madeiras

Y un tercero ruego. Diputados de Galicia y diputados de Cataluña, acompañados de madereros, de elementos afectados por los intereses madereros de Galicia, están realizando una serie de gestiones y han visitado al señor ministro de Industria y Comercio, para tratar de resolver la crisis pavorosa que esta industria sufre en Galicia. Mi compañero de representación D. Antonio Alonso Ríos, ha formulado ya un ruego sobre el particular. No se trata, como podría suponerse, de industriales opulentos que puedan resistir mejor o peor los efectos de esta crisis. En Galicia, el pino, que es la madera principal, equivale a la caja de ahorros de la mayoría de nuestros pequeños campesinos. En los casos de angustia y necesidad, el hacha y unos pinos resuelven un momento de apuro. Se trata de un producto de nuestro país que socorre una gran cantidad de necesidades. Este producto se halla absolutamente depreciado, ha caído por los suelos, y como consecuencia de ello, serrieras que ocupaban una gran cantidad de trabajadores atraviesan también por una crisis espantosa.

Cuanto por hoy tenía que decir al señor ministro de Industria y Comercio queda dicho, haciendo recalcar lo más importante. No quiero hacer discursos a propósito de estos problemas, ni siquiera ocupar con exceso la atención del Gobierno sobre este particular, porque espero que tratándose como se trata de un Gobierno que en Galicia tiene profundamente arraigadas las simpatías populares, ya que Galicia es un país esencialmente democrático, ha de atender mis ruegos, que, como he dicho, afectan a cerca de dos millones de campesinos.

### O problema do paro

Voy a dirigirme ahora al señor ministro de Trabajo y, por su intermedio, a la Junta Nacional del paro obrero. Tenemos la sospecha, señores diputados, de que cuando se habla del paro obrero en Galicia no se contempla el problema con la profundidad con que debiera contemplarse. Como consecuencia de su paro, Galicia pocas veces ha planteado conflictos más o menos ruidosos, porque Galicia, además de no ser un país ruidoso, no acostumbra a tratar estos problemas en vía pública. A Galicia, singularmente a su campesinado, se le presenta hoy este problema con caracteres magnos, por circunstancias especiales. Siempre el exceso de nuestra población ha marchado a América. Castefao lo expresaba en un dibujo maravilloso: «Galicia no pide, emigra». Galicia ya no puede emigrar, los caminos a América están cerrados totalmente para una gran cantidad de juventud campesina. Antes un campesino que tenía veinte o treinta ferrados de tierra, podía alimentar a su mujer y a tres hijos, con la condición de que otros tres estuviesen en América ganando dinero para contribuir a sostener el hogar gallego, con esta cantidad de tierra, supone cinco o seis muchachos sin trabajo. Yo bien sé que éste es un problema de hondura; que para resolverle hay que abrir nue-

vas fuentes de riqueza, hay que abrir nuevas fuentes de industrialización en nuestro país. Precisamente es esta una de las grandes ilusiones que alienta nuestro Estatuto autonómico.

Mientras tanto, nosotros no tenemos más remedio que dirigirnos a los Poderes públicos para que atiendan con el cuidado exquisito que es necesario, y en proporción justa, los requerimientos de una cantidad de Municipios gallegos, pidiendo de las Juntas del Paro el subsidio para determinadas obras; obras todas ellas reproductivas. Este paro campesino es más vivo, es más profundo en aquellas zonas de donde la gente emigraba más, la zona de las mariñas de Betanzos, que abarca los Ayuntamientos de Sada, Bergondo y Oleiros, algunos de cuyos Ayuntamientos, de 8.000 habitantes, tuvo en ocasiones en América cerca de tres mil. Todo eso terminó, y muchas de las gentes que estaban trabajando en América han regresado, para convertirse, a su vez, en obreros sin trabajo, aumentando así el volumen del paro. La ciudad está totalmente abarrotada de obreros parados, ya que por otra parte, en aquellas obras que se emprenden en la ciudad tienen buen cuidado los Municipios de dar ocupación a los hombres de la ciudad, no a los de la aldea. Además, resulta un criterio absurdo e inaceptable mandar hoy día los obreros del campo a la ciudad; la solución consiste en abrir en el campo caminos, en alumbrar nuevas fuentes de riqueza para que los trabajadores, sin abandonar la tierra encuentren algún medio de vida. Estos Ayuntamientos tienen allí una serie de obras reproductivas, de un alto interés económico caminos, fuentes, canalizaciones, puentes, etc.

Por lo que se refiere a estos tres Ayuntamientos de las mariñas de Betanzos habíamos convenido con el anterior señor presidente de la Junta Nacional del Paro obrero, que eran indispensables 150.000 pesetas—50.000 para cada uno—, a efectos de mitigar el paro en aquella comarca. El paro obrero es allí tan grave que hace pocos días en Sada hubo una huelga general de protesta, provocada por el hambre de estas gentes. Se me anuncia hoy que va a haber otra huelga general por las mismas causas, como se ve el problema es de verdadera angustia. En la Junta Nacional del Paro, cuando se convino la necesidad de esa cantidad para mitigar el paro obrero en aquella comarca, faltaba tan sólo que algunos Ayuntamientos remitiesen la correspondiente documentación para librar cantidades, documentación de distinto carácter y demasiado extensa y complicada para gentes que no son mayormente letradas. Esta documentación, por lo que se refiere a los Ayuntamientos de Sada, Bergondo y Oleiros, tengo entendido que ha llegado ya al Ministerio.

Otras dos zonas del partido de Noya, donde el hambre es auténtica, se que tienen pedidas también cantidades a la Junta del Paro Obrero, singularmente el Ayuntamiento de Puerto del Son, Ayuntamiento de pescadores que, por consecuencia de la crisis de la pesca en los últimos tiem-

pos, sufre hambre. Para el alcantarillado de su villa, tiene solicitada este Ayuntamiento una suma modesta a la Junta Nacional del Paro. Envío en regla toda la documentación. Esperamos pues, que este expediente sea acelerado. Muros tiene también presentadas otras solicitudes, así como en el partido judicial de Carballo, los Ayuntamientos de Laracha, Coristanco y Cabanna, que padecen también una crisis de trabajo angustiosa.

Hube de dirigirme personalmente al señor ministro de Trabajo, quien tuvo a bien contestarme con una nota, diciéndome que están a informe de las correspondientes Juntas. Yo me permito pedirle al Gobierno que ordene que dichas Juntas aceleren lo más posible esos informes. Un problema de hambre, de angustia, no puede aplazarse diciendo que está a informe de tal o de cual Junta. Las Juntas deben informar con celeridad, sobre todo tratándose de problemas de esta naturaleza.

### A requisita de coches

Y, por último, voy a dirigirme al señor ministro de Hacienda. Se trata de un asunto delicado, lo reconozco. Con ocasión de los sucesos revolucionarios del 34 las autoridades militares requisaron todos los coches de alquiler para ser utilizados en Asturias. Estos coches, por lo que se refiere a La Coruña, fueron requisados precisamente a agentes que no contaban con más medios de trabajo que ése. Se les exigió su prestación personal en los coches, se les retiraron éstos y se les obligó a pagar lubricantes, gasolina y demás accesorios. A algunos de ellos les deben 7.000 pesetas. En La Coruña, muchos propietarios de uno o dos coches, han tenido que guardar su único instrumento de trabajo por no haber cobrado esa cantidad y carecer de medios económicos. Afectando esto a toda España, afecta más a La Coruña por pertenecer a la Capitanía General, donde estuvo el mayor foco de la insurrección. En época del señor Chapaprieta se hicieron gestiones en el ministerio de Hacienda para que esta gente cobrase los servicios prestados; pero sin resultado. Del ministerio de la Guerra se envió al de Hacienda la petición del crédito correspondiente. En el ministerio de Hacienda no se dió una tramitación a esa solicitud de crédito. Se trata de trabajadores modestos que han presentado un servicio por la fuerza, que no tienen más medio de vida que su coche, que se encuentran ante un aumento en el precio de la gasolina y los aceites y que no tienen, materialmente, posibilidad de continuar trabajando. Yo ruego al señor ministro de Hacienda que vea la manera de que estos modestos trabajadores perciban la oportuna indemnización por los servicios prestados.

Y nada más, señores diputados, sino dejar constancia de que, aun siendo diputado gubernamental, me he visto obligado a formular estos ruegos precisamente para mayor prestigio del Gobierno. Hemos levantado en derredor del 16 de febrero una ilusión, que puede ser creadora, ilusión que está vinculada, a la solución de estos problemas, aparentemente menudos pero de los cuales depende la vida de muchísima gente. No matéis esta ilusión, atendedla con el cariño y el afecto que requiere su situación de trabajadores modestos, que no tienen otros medios de vida. Y nada más.

A estos pregos do noso deputado contestou prometéndolle atendelos con intrés e urxencia o ministro de Industria e Comercio e o presidente da Cámara.

### EN BARCELONA

## Celebrando o éisito do Plebiscito

O domingo día 5, orgaizado pol-o Grupo Galeguista, tivo lugar na capital catalana un acto de confraternidade para celebrar o éisito do Plebiscito do Estatuto Galego.

Presidiu o acto a distinta escritora e periodista señorita Maria Luz Morales, e os señores Rodriguez, Valín e David Pérez do Grupo orgaizador.

O Conseeleiro do Grupo Galeguista irmán Rodriguez deu comenzo ao acto con un saúdo os asistentes e facendo un chamamento aos galegos para que loiten pol-a nosa Autonomía e o conquerimento da liberdade do noso chan patrio, cendendo a verba a señorita Maria Luz Morales.

Comenzou a señorita Morales con unhas verbas en galego continuando logo en castelán expresando a satisfacción que sentia ao ver cinguidos n-iste intre de solidaridade fraternal e patriótica a boa parte dos galegos residentes en Barcelona.

Máis alá da política e por enriba da política únenos hoxe un sentimento de amor a nosa patria, de cordialidade entre irmáns da mesma raza e da mesma lingua.

Galicia recobrou a súa personalidade e ten un camiño a seguir. Cada un coa súa maneira de pensar, cingámonos para seguilo. Felicita ao Grupo pol-a súa laboura e di que d-il tomen exemplo os galegos que andan espallados e invítalos a traballar pol-a causa común, pol-a nosa Patria.

Unha forte ovación subraiou as verbas da nosa distinta irmán.

Seguidamente e postos en pé os concurrentes cantaron o himno nacional galego, dándose vivas a Galicia libre, e á liberdade dos pobos.

Antes de rematar o acto premiouse con un aplauso ao redactor da «Humanitat» Sr. Marsal que asistía ao acto, pol-a súa campaña no xornal en pro da Autonomía galega.

## Grupo de S. Miguel do Campo

O Grupo de San Miguel do Campo (Ourense) en xuntanza xeral celebrada fai días reeleixiu a directiva que viña dirixindo o Grupo e que compoñen os irmáns seguintes:

- Presidente, Francisco Dopazo.
- Vice, Faustino Dopazo.
- Segretario, Serafin Novoa.
- Tesoureiro, Manuel Barreiros.
- Vocaes, Eduardo Rodriguez e Xosé Taboada.

### LECTORES:

QUÉN QUEIRA UN TRAXE BÓ, XEITOSO E QUE LLE CUSTE POUCO DIÑEIRO, QUE O FAGA NA XASTRE-RIA DE

Xosé Varela da Costa

14 DE ABRIL, 16

(perto do Tamberlick)

VIGO

### GALEGUISTA:

Podes contribuir extraordinariamente á difusión do noso Seminario e da súa laboura patriótica se despóis de o ler o deixas na barbeiría, no café ou na sociedade a que adoitas ir ou e reexpides a algún amigo.

Gran Fábrica de Cervezas

# A BARXA

TIPOS:

DOURADA  
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALIJA  
PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO  
D'A NOSA TERRA.

CAFÉ

# GALICIA

Cantón Grande

A Cruña

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra

# La Erizana

Fábrica de Aserrado de Madeiras para construcións

ESPECIALIDAD EN MACHIEMBRADOS

Forno de Cal en VIGO (Cataboy)

Dirixirse a Román Martín. - Telefono 1657



XUNTANZA DO CONSELLO

# Convocatoria

A Segredaría de Organización cursou a todol-os Grupos a seguinte convocatoria para a xuntanza que o día 26 vai celebrar o Consello.  
A NOSA TERRA chama a atención de todol-os Grupos e irmáns sobre a importancia dos asuntos que nela se van tratar. Compre que todos lle adiquen a maior atención e interese, para colaboraren na gran laboura que ao noso Partido agarda.

Queridos irmáns:

Como xa anunciou A NOSA TERRA o próximo día 26, domingo, celebrarase en Compostela, as once da mañán, xuntanza do noso Consello Nacional.

N-ela serán tratados os puntos seguintes:

- A) —Eisamen da xestión realizada polo Comité Executivo:
  - a) Marcha da organización.
  - b) Caixa do Partido.
  - c) A NOSA TERRA.
  - d) Xestión política.
  - e) Estatuto de Galicia.
- B) —Preparación da V Asamblea do Partido:
  - a) Data da mesma.
  - b) Orde do día.
  - c) Designación de ponentes.
- C) —Propostas dos Conselleiros e Grupos.

Non precisan o Comité nin esta Segredaría encargarse de todol-os nosos Grupos e irmáns a importancia d-ista xuntanza. Ficarán determinados n-ela non sómentes a xuízo do Consello e dos Grupos en col da xestión do Comité Executivo senón tamén as liñas xeraes do que será a nosa próxima Asamblea. Non se esqueza que n-ista serán postas a proba a preparación e capacidade do noso Partido.

Velahí por qué se fai necesario que os Grupos todos convoquen axiña xuntas xeraes, nas que se estuden detidamente os puntos que abrangue a precedente orde e remitir con tempo á oficina do Partido ou por mediación dos conselleiros as propostas que estimen comenentes sobre de cada un d-iles.

**DÍA DE GALICIA.** —Aproveite a ocasión de lembrarllos a comenencia de que a vosa xuntanza sexa adicada tamén a preparar os actos con que iste ano se ha celebrar n-isa localidade o Día da Terra.

Seguro de que todos poredes nos anteriores encargos o maior entusiasmo, mándavos unha aberta fonda vosa irmán na Causa

M. GOMEZ ROMAN  
Segretario Xeral

## Día de Galicia

Veñen preparándose xa en toda Galicia gran cantidade de actos para a celebración do «Día de Galicia».

En Ourense a F. M. N. organiza unha gran festa galega no Parque Gallego con un concurso de gaitas, coros, bailes e outros aspectos folklóricos, que terá gran importancia. A Diputación ourensán subvencionou a festa con 50 pesetas e o mesmo outros organismos para os premios que serán concedidos.

O Grupo da Cruña prepara, d-acordo co Concello e outras entidades locais, outra gran festa no Parque do Relleno tamén con intervención dos coros e facéndose ao mesmo tempo un gran mitin, semellante ao celebrado a vispera do Plebiscito, con intervención de oradores dos partidos do Frente Popular.

En Vigo, entre outros actos, terá lugar o tradicional xantar da Barxa.

En Santiago, a parte dos actos oficiais do día, o noso Grupo organiza o «Mitin das Arengas» d-acordo co Comité Executivo do Partido sendo posible que o Mitin se inclua no programa oficial das festas.

En moitos pobos celebraranse festas, xantares, mítins, espallamento de follas e outros actos semellantes que resalten a celebración da data patriótica.

Alguns xornaes como «El Pueblo Gallego», «La Voz de Galicia», «El País», «La Zarpa» e moitos semanarios anuncian a publicación de números extraordinarios. Tamén os publicarán o órgano das mocedades nacionalistas «Guieiro» e A NOSA TERRA ven preparando xa o que, como todol-os anos, publicará ese día.

Lembramos a todol-os Grupos a necesidade de que en todas partes se festexe a data organizando toda a maior posible cantidade de actos e festas adicando á data do «Día de Galicia» a maior atención.

## Inauguración d-un edificio social i-escolar de «Bergondo e os seus Contornos»

Como tiñamos anunciado, tivo efecto no Concello de Bergondo o domingo pasado, o acto de inaugurar un magnífico edificio que a Sociedade «Bergondo e os seus Contornos», de antigos emigrados de Nueva York e Bos Aires, e que hoxe conta ademais con preto de 400 socios no devandito concello, destina a escolas sostidas por ela e centro social.

O edificio, con todos os adiantos, ten tres corpos, adicados a Salón de baile; café; salón de actos; biblioteca; segredaría; dúas aulas amprísimas, rematando con dúas torres lateiraeas, dende as que se cotempra un magnífico paisaxe. Rodeia ao edificio, un campo de deportes de 22 ferrados de terra.

As tres da serán comentaron as festas con un partido de fútbol. Logo foronse xuntando as representacións oficiais, constituídas pola Directiva da Sociedade; Corporación municipal de Bergondo enteira; Directivas e nenos

de «Sada e os seus Contornos», «Cecibre» e «Coirós»; representacións de Sociedades Agrarias, Partido Galeguista; I. R.; Alcalde de Sada, e os irmáns Francisco F. del Riego, e Xoán A. Suárez Picallo, este último en lugar do noso Diputado Ramón, que non poido sair de Madrid, representando ademais A NOSA TERRA e «El Pueblo Gallego».

As cinco chegou o Gobernador da Cruña, D. Francisco Pérez Carballo, coa súa dona i-un irmán, que foi recibido co Himno Galego e Republicán. Un grupo de belidas mozas, con traxes e franxas da nosa bandeira, entregaronlle a muller do Gobernador un fermoso manexo de flores.

Feitas as presentacións, percorreu o local, merecendo moitas gabanzas a súa distribución i-estilo que chama d-un xeito extraordinario no medio da rica campaña donde está enclavado.

Dende o balcón central adornado

coas bandeiras galega e republicán, diante de mais de 5.000 persoas, abre o aito D. Xuan Núñez, Presidente da Sociedade, seguindo o Alcalde de Bergondo, D. Fernando Iglesias, quen sauda as representacións, que se atopan ali, asociándose en nome da Corporación e pobo de Bergondo, o xúbilo que n-ista data sinten os antigos emigrados ao ver convertida en realidade, unha vella arela, que se lles debe ao seu esforzo e amor aos nenos d-que n-este Estado non dou inxio. E aprauidido con entusiasmo.

Fala despois d-el D. José Vazquez, director de «Coirós e os seus Contornos», gabando a laboura dos emigrados que co seu esforzo, fixeron as escolas que mandaba o Estado, uníndose ao aito como ademador dos emigrados de Bergondo.

### Fernando Del Riego

En galego, di o noso irmán un belido discurso, no que gaba o esforzo dos emigrados, decindo en termos afervoados canto axudaron o milloramento de Galicia. Asinala cal debe ser a orientación da nova escola, pra que a Galicia tristeira da emigración, e a espranzada de hoxe, se convirtn n-un baluarte de progreso e civismo, o que se conseguirá dándolle a escola unha unificación e contido de galegitude que non tivo ate o día. En párrafos de fonda emoción, recorda as grades figuras da Terra, dende os tempos gloriosos das peregrinacións aos poetas do século XIX, arrematando o seu discurso con palabras de fe no porvir, que recollerá as esencia inmorredoiras do pasado, pra millorar o presente e mañán da Patria Galega. Unha ovación clamorosa, premia as verbas do mozo galeguista e mestre compostelán.

### Xoán A. Suárez Picallo

Iste comenza desculpando a ausencia de seu irmán Ramón, diputado do noso Partido, que por razóns de forza maior non poido sair de Madrid. Di que o problema fundamental de Galicia, está en recoller e orgaizar os valores que ten a nosa terra pra embarcalos n-unha empresa creadora, que fará de Galicia un pobo ideal, e que quenes traballan día a día n-ista laboura, cumpren un fin patriótico e redentor, porque darredor d-iste problema, xiran os mais importantes da Terra. Alenta aos compoñentes de «Bergondo e os seus Contornos» a seguir a laboura que hoxe culmiña na vella aspiración, como era a de abrir un centro social i-escolar de onde sairán as novas xeneracións, que lles deben a estes loitadores unha debenda de gratitude eterna, porque eles co seu esforzo crean istas obras que son poemas de pedra labradas con sacrificios e privacións, pra axudar a que os seus fillos sexan cultos, n-unha Galicia diña e próspera. Adica verbas garimosas aos nenos, que asiten o aito, rematando con vivas a Galicia, a República e a Bergondo e os seus Contornos, que contesta a multitude con unha ovación de varios minutos.

### D. Francisco Pérez Carballo Gobernador da Cruña.

Cerra o aito, decindo que se sempre é grato pra unha autoridade saída do pobo poñerse en contacto co il, e moito mais aínda, cando élo e coma hoxe pra inaugurar un centro que cumprirá a outa misión de unir aos cidadáns baixo o ideal de facer unha España e Galicia milliores, e que esta tarefa se lles deba os emigrados que lonxe da Terra, prestixanna co seu traballo e intelixencia, facendos cos

## GALICIA ENTRE OS POBOS LIBRES

# A Terra asoballada, cara a súa liberdade

Con este tiduo publicou o gran xornal bilbaino, órgano do Partido Nacionalista vasco, «Euzkadí» o seguinte artigo que traducimos:

«Da Terra asoballada», terra escrava; así cantouna, con acentos de indiñación, o poeta «da raza» Ramón Cabanillas. Os acentos campestres da súa poesía non abundaban a conter as ansias rebeldes do vate galego...

En Galicia, como en todol-os pobos rexurxentes, os clamores dos poetas foron as voces mañaneiras que despertaban aos dormidos. ¡E qué acentos máis lacerantes os da lírica galega!

Curros pretendeu ferir cos seus versos ao pobo galego, como si con agudo coitelo lacerara as carnes vivas da súa raza. Seu inspirado amor a a Galicia trocou o seu estro poético en arma de combate. El mesmo decarrou n-unha admirabel estrofa:

«Teño unha corda muda  
na miña lira torva,  
como un coitelo fera  
como un tronido ronca».

Ese era o desexo dos vates renacentistas ao tanguer a suas líras torvas; que como coitelo feriran, como tronos roncaran.

Os seus lamentos non foron estériles. Galicia despertou. Pol as arterias das suas rias soñadoras correu a voz dos poetas e dos seus apóstoles.

Sonolento, por séculos prolongados, sesteou o pobo galego na súa in conciencia. Sobor d-él lanzouse a avaricia. Fixeron n-él presa os usureiros roídos pol-o ouro. Deica hoxe sofre pacientemente as súas desditas.

Os reis de Castela e Aragón Fernando e Isabel propuxéronse, ao decir de Zurita nos seus «Anales de Aragón»... «Domar aquela terra de Galicia». E á verdade que ben a someteron ao imperio castelán.

Cometeu Galicia a imprudencia de mixturarse nas contendas casteláns. Decarrouse o pobo galego partidario da Beltranexa filla de Enrique IV. Isabel irmá do soberán castelán, a quen os partidarios aquela pretenderon de poñer en Avila e aforcalo en efixie, non perdoou a Galicia a lealdade á filla do lexítimo monarca Enrique IV.

Os exércitos de Isabel domaron a Galicia. O mariscal Pedro Pardo de Cela foi executado. Con elo a soberanía galega sucumbia. As bágoas da esposa do mariscal non atoparon eco no corazón de Isabel nin amoleceron o seu corazón de muller e de esposa.

Ainda é recente o día en que Galicia sacudeu o xugo, erguendo arrogante a súa cerviz. Non se doma a un pobo pol-a forza. Pode, si, debilitarse o seu orgaismo, oprímilo co peso das cadeas; pero a alma, anque ao parecer dormida, está pronta a ouvir as voces da xusticia.

Poucos anos fai houbera parecido unha quemeira que Galicia emprendera este camiño. Pondal, Rosalía de Casuro, Curros Enríquez e a lexión dos seus vates patriotas morreron, tal vez, porque o frío do desengano conxelou os seus corazóns.

Ningún esforzo é inútil. E cando o angurioso clamar brota do peito no bre dos poetas, sempre atopa resoancias insospetadas no corazón do pobo.

Galicia padeceseu todal-as tristuras da emigración imposta pol a penuria do físico patrio, a dor, da miseria e o abandono dos Poderes, a rapacidade do chán inexorable, que dispe as chouzas dos labregos. Cansada de tanto sufrir, ergueuse para camiñar pol-o sendeiro da súa redención.

Xa non quer Galicia permanecer máis tempo axionllada diante de Castela, a súa rival. A lembranza de Isabel, a raíña castelán, dispase ante a lembranza do seu gran patriota, o Mariscal Pardo de Cela.

Isabel disolveu as Cortes de Galicia. Hoxe a República restaurará o Parlamento galego. Obrigou a raíña castelán a Galicia a estar representada por procuradores alleos nas Cortes de Zamora. Agora Galicia eleixirá os seus lexisladores.

Así o quixo o pobo galego na manifestación unánime do plebiscito popular pol-a súa liberdade e pol-a súa diñificación política e social.

J. AITZOL.

mesmos obras que como a que hoxe inauguramos, constituen un orgullo pra terra que os viu nacer.

En trozos de fonda galegitude, canta a Galicia belida de corpo e de esprito, que sabe xuntar o seu amor a República e as suas liberdades, producindo homes que sobresaen en cantos sitios se atopan, porque levan na alma, di el, o alento d-unha raza superior que agora voltará a ter ocasión de de facer de Galicia un país ideal dentro da República Española. Ga ba a laboura dos emigrados de «Bergondo e os seus Contornos», que chegan hoxe a ver realizada a nobre aspiración de deixar labrado en pedra un recordo que ha de servir pra formar cidadáns exemplares, pra España e Galicia, rematando c-un viva a República que e contestado unanimemente, premiándose a emocionada oración do representante da República c-unha ovación imponente.

Os nenos de Sada e os seus Contornos, cantan a coro Airiños, e a Galicia de Rosalía e Anón, e seguidamente o Himno galego acompañado d-unha banda de museca, coreando a xente, namentras a dona do Gobernador partia as trenzas, abríndose as portas do edificio, entre foguetes, museca e cantos celtas que anuncen a nova aurora galega. O momento foi de inenarrabel emoción, e nos ollos de vellos emigrantes e xóvenes que o serían mañán sen a súa laboura inxente, saen bágoas, abrazándose uns a outros diante da ledicia de ver convertida en realidade esta obra, froito dos seus esforzos e privacións. Ao final ousequiouse as represen-

tazons e autoridades con un lunch, e aos nenos con caramelos. Deseite, no Salón e campo houbo baile, e fogos de luces ate a mañán, namentras por corredoiras e carreiros da belida comarca mariñán, saian grupos de xentes que traballan sofren e levan na testa o ideal de construír unha nova Galicia.

Pra rematar ista crónica, chegue ate os irmáns de Bergondo e os seus Contornos a nosa en bora, por chegar a ver conqueredas as suas arelas de ter un centro social i-escolar que constitue un orgullo pra os que lle deron vida. ¡Adiante na laboura empezada ate chegar o remate, que se da amarguras o traballo, tamén da legrias como a d-ista data memorabel.

J. A. S.

### Vda. de Pío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado

FLETAMENTOS,

CONSIGNACIÓNS,

TRÁNSITOS.

VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO

APARTAMENTO NÚM. 3

### PENSION COMPOSTELA

Avenida de Eduardo Dato, 25 2.

MADRID

¡Eis a pensión dos galeguistas!

### OS TEMPRANOS DE EIRIS

Cuarteto para Festas

e Romaxes

EIRIS, 39

A CRUÑA

MANOEL GÓMEZ ROMÁN

Arquiteito

Vigo



Redacción - Administración:  
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra  
SUSCRICIÓN: 4 pesetas semestres. Pago adelantado.  
Número solto: 15 cts.

# A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XX

Galicia, 10 de Xulio do 1936

Núm. 422

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

## PROELES

### Toque de futuro no corazón de Galicia

A máis ampla e decisiva visión do noso porvir nacional, sintoa no cerne de mín mesmo. Con todo coraxe e pureza de alma decátome da traectoria insobornable da Terra. Galicia é unha, en corpo i-en espírito. E nós, por imperativo da raza que latexa no noso sangue e dá voltas na nosa madeixa cerebral, sentímonos uns, tamén, vencellados ao seu porvir.

Diante da porta que se nos abre có anuncio autonomista, as vocacións novas e os vellos artifices sentiríanse alampados polo brillo dunha luz nova que tén de reflexarse en todo.

Apenas si o tempo abonda pra encaular pol-os camiños da forma, ista turbamulta de inspiración desfrecada, rumorosa e cálida que nos arrodea con un brillo cegador.

Mais ista gran luz centripeta i-espallada no noso ceo de Galicia iráse condensando en algo. O miragre terá que se efectuar. A alma dos galegos que está repicando con campaneio augural de Pascua Frolida, soña nos vieiros da Galeguidade. Tén fé i-espranza en quen es ergueron por todo o país o programa político, baixo daqueles desíños. Cabe negar que o Partido Galeguista tén, por conseguinte, a máisima responsabilidade do intre aítual? A capacidade e boa vontade dos seus homes, pois, están fiados os horizontes de Galicia. O imperativo dá hora eisixe dil: *Unha propaganda ampla e repousada de orientación, por todo o país. A confección dun programa político-económico-social non suxeto a fórmulas vagas, e axeitado pra solucionar as realidades concretas dos nosos específicos problemas. O estreitamente dunhas bases de goberno que o galeguismo levará a reitoría dos próximos destinos autónomos. O estudo e preparación técnica dos membros do Partido, en contaito có réxime parlamentario de Cataluña e coas cooperativas danesas. Un órgano diario de opinión, no que se recollan as angueiras vivas da masa autonomista e o porlier inconfundible da nosa impronta.*

E que enorme servizo se lle terá prestado daquela a nosa Terra! As predicións dos doitrñarios dos credos dictatoriales, están adequirindo corpo de guerra civil no escenario de España. O trunfo comunista que con fé inquefrantábel anunciara John Stracchey, atópase coa victoria feixista que preconizara Oswald Mosley. E os mitos do liberal e da democracia, ao dicir déles, rematarán por se esvaír. Confírmase o feito: «Neste mundo novo do século XIX, anarquizado pol-o liberalismo político e pol-o capitalismo burgués, xurde—asegún Neves da Costa—a fórmula idéntica nos partidos eistremos: Revolución: Ou internacionalismo comunista, ou nacionalismo sindical».

Mais Galicia, non afectada polos graves problemas da hora, pódese salvar. O noso pequeno pobo, demócrata e traballador, pode atopar o seu canle.

As posibilidades espirituas e materiaes da raza teñen no Galeguismo a interpretación única capaz de lles donar solución.

Por élo inicio agora iste toque de futuro no corazón de Galicia. Coa máis ampla e decisiva visión do noso porvir nacional, que sinto no cerne de mín mesmo.

Francisco F. DEL RIEGO.

**O tan repetido e comentado caciquismo galego non tén outro orixe mais que a inadaptação da lei e o do Goberno á realidade xeográfica e social. O caciquismo, por tanto, coa Autonomía desaparecerá.**

### Lembranza de Rosalía

Fixo o día 15 dos correntes cincuenta e un anos que morreu a nosa Santa Rosalía.

Medio século fai que aquela muller que encheu toda unha época na historia de Galicia e está para sempre enraizada no altar dos corazóns dos bons patriotas, desapareceu deixando mergullada en bágoas eternas á Terra que tanto amou e coa que tanto sofreu.

Pasaron os anos, os séculos, e Galicia gardará acesa e pervivente a lembranza da excelsa muller que xa se converteu na terra e na alma de todol-os galegos na mes-

ma Galicia, na mesma Patria.

N-este novo aniversario no que se anda a posibilitar a emancipación da Terra e se sinalan solucións aos problemas do corpo e do espírito de Galicia, aqueles problemas que ela puxo de manifesto en verbas subrímes, os galeguistas, os nacionalistas, os seus herdeiros directos no amor á Patria e na arela da súa liberdade pronunciamos o nome de Rosalía coa devoción inmensa e relixiosa que a súa lembranza inspira.

Lede A NOSA TERRA

## Unhas declaracións de Suárez Picallo

### Encol do Estatuto Galego

O noso deputado Suárez Picallo ven de facer unhas intresantes declaracións aos xornalistas madrileños encol da obra a realizar polo Estatuto galego que queremos copiar xa que resúmen certeiraemente o punto de vista do Partido Galeguista en canto a custión.

Son as seguintes:

«Os problemas de Galicia que o Estatuto resolverá con facilidade son: En orde ao campo, un plan de reforma agro-pecuaria con estes puntos básicos:

Concentración parcelaria, transformación de cultivos, industrialización e venda de produtos agropecuarios por vía cooperativista, selección gandeira, matadeiros industriais, hixiene rural etc.

Repoboación forestal dos nosos montes pelados e das nosas montañas, axeitada ás nosas características climatolóxicas e topográficas con vistas a surtir de materia prima a nosa industria papeleira; aproveitamento dos nosos ríos e das nosas fontes minero-medicinaes.

En orde ao noso litoral—non se esqueza que as fontes da economía galega son o agro e o mar—repoboación dos nosos ríos e rias; cultivo centífico e racionalizado dos nosos mariscos; orgaización cooperativa da súa distribución, venda, escolas de orientación marítima e pesqueira.

Todo elo enroitado dentro de un orde xurídico e político sempre de orixe democrático cuíns institucións—Concello aberto na parroquia rural, iniciativa e referendun popular etc.—institúe o Estatuto recentemente plebiscitado.

Todos e cada un dos problemas expresados son fundamentaes para facer de Galicia unha democracia política, social i económica. Non pode resolvelos o Estado central polas seguintes razóns:

Primeira. Porque e unha máquina gastada, inepta para resolver ainda os problemas de orde xeral que prantexa a vida social e política moderna.

Segunda. Porque son problemas de indole particularísima sin encaixe n-unha lexislación de tipo xeral.

Terceira. Pola súa lonxanía física i-espíritual do país galego.

Galicia autónoma, en troques, pode resolvelos con relativa rapidez».



FRANCISCO Barreiro Salas  
Perito Agrícola  
Santiago

COLEXIO LEON XIII  
VILAGARCIA

R. GONZALEZ PASTORIZA  
Abogado  
Vigo

VALENTIN PAZ-ANDRADE  
Abogado  
Vigo

## DO MOMENTO

### Impresións

Non podemos estar alonxados do intre difícil que arestora atravesamos política hespañola. Non podemos adoptar ningunha postura de indiferencia ou despreocupación decindo que nada temos que ver con él. Unha postura así nin é comenente nin é real.

Non xa no orde político sinon que tamén no orde persoal debe ser para nós os galeguistas motivo de fonda preocupación o rumbo que actualmente está tomando a loita política na Hespaña. Cada un de nós ha de ter formado un criterio e non está fora da ortodoxia galeguista máis pura o expoñelo tal e como o entendemos. Porque o galeguismo non vive illado e porque a consecución das nosas arelas está avencellada ao proceso político hespañol.

Está suficientemente demostrado pol-a realidade, que é a que ten a maior forza de argumentación, que as dereitas, hespañolas e galegas, son cerrilmente nemigas das nosas aspiracións autonomistas e galeguistas. Pol-o contrario, son as esquerdas as que por afinidade política, por comprensión e por levar dentro de si unha estricte e natural tendencia cara a liberdade—que eso é o galeguismo, un movemento de liberdade—posibilitan o conqurimento das nosas conquistas patrióticas. Canto máis esquerdas, así é a cousa na realidade, máis comprensión e millores propósitos n-ese senso.

Sendo así, como é, resulta lóxico, deixando prexucios que oscurezan o noso pensamento e incurso poidan entorpecer a progresiva conquista das nosas aspiracións, que entabrada unha loita, como a actual, as nosas incrinacións, deben ser cara aquela parte que nos ten demostrado cordialidade e intelixencia na comprensión dos nosos problemas como pobo e das nosas arelas como movemento político e social. Por agradecemento e tamén, si outras razóns non abundaran, por egoísmo político.

Si esquecer dúas cousas: que aínda non é chegado o intre de que podamos ser nós soios os que teñamos nas nosas excrusivas máns os destinos da nosa Terra e que temos a obriga de estar en contacto cos que posibiliten a liberdade de Galicia para que ésta sexa o que ao noso xuício debe ser, para que non se desvirtúe.

Está craro que por ser as esquerdas as nosas colaboradoras é con elas con que temos que relacionarnos e convivir. Da outra banda nada podemos agardar sinon é o noso exterminio si nas súas máns estivera a posibilidade de facelo. Porque nos odian.

Naturalmente que todo esto non quer dicir que nós, atopemos xustificación a cantos actos de violencia se producen arestora por parte das esquerdas. De ningún xeito. Pero tamén en honor á verdade temos que reconoscer que é da outra banda de onde partiron e parten as provocacións máis insolentes e criminaes. Aparte dos detalles, episodio do que non é mester falar, por ésta incontrovertible afirmación: porque de sempre obstaculizaron violentamente a normal marcha da labourea que a República estaba chamada a realizar. Produxose o feito no ano 31 e repitese, de xeito máis desesperado e violento, despois do trunfo esquerdista de Febreiro.

Queremos ter a esperanza de que aínda sexa posíbel que dentro da democracia republicán, expresada na Constitución do Estado, poida poñerse orde n-este desconcerto actual. Pero si así non fose e necesariamente tivéramos que caer n-unha situación de forza exercida por calqueira dos bandos en loita, para mín a cousa non ofrece a menor dúbida.

Pol-a defensa dos nosos ideais, por instinto de conservación política e incurso persoal, a razón faime caer de parte das esquerdas. Podería, si se quer, desfigurarse en parte as esenciais tradicionais de Galicia pero a súa liberdade e a solución dos seus problemas podería acadarse n-unha gran proporción.

Da outra banda é matemáticamente seguro que a adulteración actual da verdadeira Galicia axigantárase e perderíase para sempre a máis lixeira posibilidade de liberación. O galeguismo sería exterminado e os homes do galeguismo seríamos oxetivos de toda crás de persecucións. Pensade, serenamente, o que sería para nós e para os nosos ideais unha situación de forza de acentuado matiz dereitista. E diante do dilema, si éste se prantexa, respóndadevos no íntimo da vos concencia humana e patriótica.

VICTOR CASAS.

### Xuntanza do Consello

Según temos dito xa no número derradeiro, o domingo 26 dos correntes celebrábase en Santiago a xuntanza xeral do Consello do Partido. Os Conselleiros recibirán oportunamente a convocatoria da que esta nota é anticipo.

Celebrándose o 25 pol-a noite en Santiago o «Mitin das Arengas» compre que os Conselleiros esteñan en Santiago o mesmo día 25 para tomar parte no mitin e o domingo a primeira hora celebrar o Consello no que se tratarán, entre outros puntos de importancia, a distribución de ponencias a presentar á V Asambreia, sinalamento da data da súa celebración, troque impresións encol do intre político, posición do Partido, etc.

O Comité agarda de todol-os Conselleiros non fallen a esta xuntanza levando o parecer dos Grupos das respectivas comarcas.

**IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP**  
UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA  
Pida detalles e foletos:

**PRODUCTOS WATERSTOP**  
Axencia xeral pra Galiza:  
Porta da Pena. 6. - SANTIAGO